



ACTA DA COMISIÓN SELECCIONADORA PARA A VALORACIÓN DO 2º EXERCICIO E FINAL DA FASE DE OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE 1 PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL NO CONCELLO DE MELIDE MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA (OBRA OU SERVIZO DETERMINADO)

En Melide, a 12 de xuño, sendo as 12.00 horas, reúnense baixo a presidencia de M^a Dolores Gonzalez Salgado os seguintes integrantes da comisión seleccionadora que se constitúe para valorar o 2º exercicio da fase de oposición dos aspirantes para cubrir 1 praza de traballador/a social MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA

Presidenta: M^a Dolores González Salgado
Secretaria: M^a José Rodríguez Gómez
Vogais: Guadalupe Vázquez Ascariz
 María Teresa Alcalde Valle
 Joaquin Vázquez Rodríguez

A presidenta declara constituída a comisión seleccionadora e aberto o acto acórdase proceder á **valoración do 2º exercicio da fase de oposición**.

PUNTUACION DO 2º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE 1 PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL NO CONCELLO DE MELIDE MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA (OBRA OU SERVIZO DETERMINADO)

A comisión seleccionadora á vista das bases da convocatoria formula a seguinte puntuación:

NOME	PUNTUACIÓN
OSCAR JOSE RODRIGUEZ LOPEZ	3
MARIA FRADE FRAGA	3
NATALIA RODRIGUEZ VIQUEIRA	3,5
IRIA GONZALEZ FAFIAN	3

O primeiro exercicio e plantilla correctora foron os seguintes:

NAME E APELLIDOS: _____
DNI: _____

1.- Segundo a Constitución Española de 1978, quen son os únicos titulares dos dereitos recoñecidos no art.23 do texto constitucional?

- a) Os españois.
- b) Os españois, salvo o que, atendendo a criterios de reciprocidade, poida establecerse por tratado ou lei para o dereito de sufraxio activo e pasivo nas eleccións municipais.
- c) Os españois e comunitarios.

2.- As Administracións públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de:

- a) Eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.
- b) Eficacia, xerarquía, descentralización e coordinación.
- c) Eficacia, xerarquía, descentralización, concentración e coordinación.

3.- Nos trámites ante as administracións públicas, sempre que por Lei ou normativa comunitaria europea non se exprese outra cousa, cando os prazos sinállense por días, enténdese que estes son:

- a) Naturais, se se especifica.
- b) Hábiles, se non se especifica..
- c) As respostas a) e b) son correctas.

4.- De acordo co artigo 84 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común, poñerán fin ao procedemento administrativo:

- a) En calquera caso a resolución, o desistimento, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, a declaración de caducidade e a imposibilidade material de continualo por causas sobrevindas, cando tal imposibilidade non estea

prohibida polo Ordenamento Xurídico.

- b) A resolución, o desistimento, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude baixo determinados supostos, a declaración de caducidade e a imposibilidade material de continualo por causas sobrevindas.
- c) A resolución, o desistimento baixo determinados supostos, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude en calquera caso, a declaración de caducidade e a imposibilidade material de continualo por causas sobrevindas.

5.- O Pleno da Entidade Local ten competencias en materia de contabilidade local, entre elles podería apuntarse:

- a) aprobación da conta xeral da Entidade.
- b) Aprobación da liquidación do Orzamento.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

6.- Sinala a afirmación incorrecta. O Alcalde é o Presidente da Corporación e ostenta as seguintes atribucións:

- a) Dirixir o goberno e a administración municipal.
- b) Ditar bandos e ordenanzas.
- c) As aprobacións dos instrumentos de plan de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuidas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización..

7.- Que carácter teñen as sesións do pleno do concello?:

- a) Públicas, podendo ser secretas cando se delibere sobre asuntos que poidan afectar os dereitos a que fai referencia o artigo 18.1 da Constitución, cando así estea establecido no regulamento orgánico da corporación.
- b) Públicas, podendo ser secretas cando se delibere sobre asuntos que poidan afectar os dereitos a que fai referencia o artigo 18.1 da Constitución, cando así se acorde por maioria absoluta.
- c) Públicas, podendo ser secretas cando así se acorde por maioria absoluta dos membros da corporación.

8.- As ordenanzas locais, aprobadas inicialmente polo Pleno, requiren información pública e audiencia aos interesados para a presentación de reclamacións e suxestións por un prazo:

- a) Mínimo de trinta días.
- b) Máximo de trinta días.
- c) Máximo de vinte días.

9.- A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, define os servizos sociais:

- a) Como o conxunto coordinado de prestacións e programas destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega.
- b) Como o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega.
- c) Como o conxunto coordinado de prestacións destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega.

10.- O sistema galego de servizos sociais réxese, entre outros, por un principio no que no desenvolvemento dos servizos sociais deberá tenderse ao mantemento das persoas na súa contorna persoal, social e familiar, procurando a súa inserción social e sen menoscabo do dereito á diferenza. A que principios refírese?

- a) Descentralización e proximidade.
- b) Integración e normalización.
- c) Acción integral e personalizada.

11.- O sistema galego de servizos sociais estrutúrase:

- a) En forma de rede.
- b) En disposición vertical.
- c) En disposición horizontal.

12.- Os programas e actividades para previr a exclusión de grupos vulnerables de características homoxéneas e facilitar a súa inserción e normalización social, son desenvolvidos por:

- a) Os servizos sociais comunitarios específicos.
- b) Os servizos sociais comunitarios básicos.
- c) Os servizos sociais especializados.

13.- Promover medidas de reinserción no seu ámbito de actuación e desenvolver medidas de rehabilitación social orientadas a normalizar as condicións de vida de acódelas usuarias, son funcións de:

- 
- a) Os servizos sociais especializados.
 - b) Os servizos sociais comunitarios básicos.
 - c) As respostas a) e b) non son correctas.

14.- O Catálogo de servizos sociais está integrado por un conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións, que poderán ser:

- a) Básicas ou integradoras.
- b) Esenciais ou normalizadoras.
- c) Íntegras ou colectivas.

15.- Cales son as funcións dun Traballador Social comunitario?

- a) Adaptación social, equilibrar recursos e necesidades, lograr a participación da poboación no proceso de desenvolvemento..
- b) Correctiva, preventiva, de información, orientación, capacitación, promoción e provisión de recursos e tratamiento social.
- c) Axudar a resolver conflitos entre a poboación, establecer relacións entre os grupos e axudar aos seus membros para organizarse.

16.- Que entendemos por Traballo Social?

- a) A mobilización de recursos existentes para a solución de problemas, para adaptalos e recoñecelos segundo as necesidades da poboación.
- b) A intervención profesional nun espazo determinado para dar lugar a cambios, satisfacendo necesidades e poñendo ao alcance os recursos.
- c) A intervención para coñecer o grao en que senten ou necesitan resolver vos problemas os individuos dunha comunidade.

17.- Podemos dicir que as características do método son:

- a) Finalidade, concepto, proceso e estrutura.
- b) Flexibilidade, globalidade, apoio teórico nas ciencias sociais e do home, operatividade e participación.
- c) O estudo, diagnóstico, planificación, execución e evaluación.

18.- Entendemos por finalidade do proceso de avaliação:

- a) Medir o grao de idoneidade, a efectividade e a eficacia.
- b) Proporcionar os elementos de xuízo necesarios para determinar se se debe ou non introducir cambios na acción, e cales.
- c) Indicar a validez, obxectividade, flexibilidade e oportunidade.

19.- Que é a planificación en Traballo Social?

- a) Determinar os núcleos de intervención.:
- b) Unha técnica de acción que tende a obter un resultado determinado mediante unha intervención deliberada.
- c) Unha técnica para valorar a situación problema do cliente.

20.- O artigo 5 da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia establece os principios de aplicación e interpretación das actuacións que se desenvolvan desde as administracións públicas para a aplicación das medidas contempladas na citada lei. Un deles, defíñese da seguinte forma: "todas as actuacións impulsadas a partir da presente norma, na súa aplicación concreta, procurarán compensar as tendencias e situacións consolidadas de marxinación e de déficit de oportunidades de grupos e colectivos sociais. (...)" . A que tipo de principio refírese?.

- a) Inclusión activa e solidaria.
- b) Integración, coordinación e transversalidade.
- c) Acción positiva.

21.- A percepción da renda de inclusión social de Galicia, de acordo coa Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia:

- a) É un dereito subxectivo.
- b) É un dereito obxectivo.
- c) É un dereito equitativo.

22.- A renda de inclusión social de Galicia será incompatible:

- a) Coas pensións non contributivas ou con calquera outra prestación ou pensión de contía únicamente superior á das devanditas pensións.
- b) Para aquelas persoas que teñan a idade mínima establecida para poder solicitar unha pensión non contributiva de xubilación..
- c) As respostas a) e b) son correctas.

23.- Para poder solicitar a renda de inclusión social de Galicia, as persoas deberán cumplir, entre outros, os seguintes requisitos, contemplados no artigo 12 da Lei 10/2013:

- a) Dispoñer na unidade de convivencia de ingresos inferiores ao importe do tramo persoal e familiar que lle correspondería e, ademais, non dispoñer de bens patrimoniais dos que se deduza a existencia de medios suficientes para a subsistencia, de acordo cos criterios de cómputo establecidos no artigo 17 desta lei.
- b) Ter máis de 20 anos.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

24.- O dereito de percepción do tramo persoal e familiar da renda de inclusión social de Galicia será:

- a) Anual e prorrogable se subsisten as circunstancias que xustificaron a súa concesión.
- b) Semestral.
- c) As respostas a) e b) non son correctas.

25.- As axudas de inclusión social:

- a) Son prestacións económicas periódicas destinadas a sufragar gastos extraordinarios e urxentes.
- b) Son prestacións económicas non periódicas.
- c) Son prestacións económicas ordinarias.

26.- A Xunta de Galicia someterá as súas actuacións, en materia de familia, aos seguintes principios reidores, segundo a Lei 3/2011, de apoio á familia e á convivencia de Galicia:

- a) Liberdade, igualdade e responsabilidade pública.
- b) Igualdade, equidade e reciprocidade
- c) Igualdade, reciprocidade e lealdade.

27.- A través de que organismo ou organismos, a Xunta de Galicia, exercerá as competencias que ten atribuídas en materia de infancia e adolescencia?

- a) A través do organismo competente en materia de servizos sociais, de saúde, de educación e de emprego e formación profesional.
- b) A través do organismo competente en materia de servizos sociais e de saúde..
- c) A través do organismo competente en materia de servizos sociais.

28.- O método básico no Traballo Social está formado polas seguintes etapas:

- a) Planificación. Execución e avaliación.
- b) Diagnóstico, planificación, execución e avaliación.
- c) Análise, planificación, intervención e medidas correctoras.

29.- A figura do mediador deberán reunir os requisitos de experiencia profesional e formación específica que se establezan regulamentariamente, pero en todo caso serán expertos en:

- a) Actuacións psico-socio-familiares.
- b) Actuacións socio-familiares e económicas.
- c) Actuacións familiares e económicas.

30.- As prestacións básicas do Plan Concertado son:

- a) información e orientación, apoio á unidade de convivencia e axuda no fogar, aloxamento alternativo, actuacións específicas de prevención e inserción social, e actuacións destinadas ao fomento da solidaridade: cooperación social
- b) información e orientación, apoio á unidade de convivencia e axuda no fogar, servizo de educación e apoio familiar, actuacións específicas de prevención e inserción social, e actuacións destinadas ao fomento da solidaridade: cooperación social
- c) información y orientación, apoio á unidade de convivencia e axuda no fogar, servizo de educación e apoio familiar, aloxamento alternativo e actuacións específicas de prevención e inserción social e actuacións destinadas ao fomento da solidaridade: cooperación social

31.- Segundo a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, a dependencia en España está fundamentalmente asociada:

- a) Á discapacidade.
- b) Ao envellecemento.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

32.- Segundo a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, o modelo de coidado de persoas dependentes foi basicamente:

- a) O modelo de apoio informal.
- b) O modelo subsidiario.
- c) O modelo de coidados profesionais.

33.- A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, non prevé no seu catálogo de servizos:

- a) Centros de noite.
- b) Centros de día de atención non especializada.
- c) Centros de atención a persoas en situación de dependencia en razón e os distintos tipos de discapacidade.

34.- Son titulares de dereitos da Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia:

- a) Os españois que residan en territorio español durante polo menos cinco anos dos cales dous deberán ser inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude.
- b) Calquera persoa que dispona de nacionalidade española ou residente comunitario.
- c) Os españois, que atopándose en situación de dependencia nalgún dos graos establecidos, residan en territorio español durante polo menos cinco anos dos cales dous deberán ser inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude.

35.- Segundo a Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, a situación de dependencia clasifícase nos seguintes graos:

- a) Grao I: gran dependente; Grao II: dependencia moderada; Grao III: dependencia severa.
- b) Grao I: dependencia moderada; Grao II: dependencia severa; Grao III: gran dependencia.
- c) Grao I: gran dependente; Grao II: dependencia severa; Grao III: dependencia moderada.

36.- O catálogo de prestacións económicas da Lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, non establece:

- a) Prestacións económicas vinculadas á contorna familiar e ao grao de discapacidade.
- b) Prestacións económicas de asistencia persoal.
- c) Prestacións económicas para coidados na contorna familiar e apoio a coidadores non profesionais.

PREGUNTAS RESERVA,

1.- A primeira revisión do grao de discapacidade ou enfermedade crónica poderá instarse, por parte do interesado:

- a) Unha vez que transcorresen dous anos desde a data en que se recoñeceu devandito grao.
- b) Non existe prazo cando se acredeite suficientemente a variación dos factores persoais ou sociais valorados.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

2.- En relación ao Informe Social, como instrumento do Traballo Social, unha das seguintes opcións é incorrecta:

- a) É a síntese explicativa dunha situación dada.
- b) Axuda ao coñecemento do perfil sociodemográfico da poboación que accede aos Servizos Sociais.
- c) Promove a creación e desenvolvemento de recursos sóciais.

3.- En cal dos seguintes rexistros o Traballador Social recolle a información que é susceptible de ser almacenada, ordenada e é cuantificable?

- a) Ficha social.
- b) Historia social.
- c) Informe social.

4.- Terán dereito á pensión de invalidez da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de dezaoito anos e menor de sesenta e sete anos de idade, na data da solicitude.
- b) Estar afectadas por unha minusvalía ou por unha enfermidade crónica, nun grao igual ou superior ao 65 por 100.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

RESPOSTAS:

1	B
2	A
3	C
4	B
5	A
6	B
7	B
8	A
9	B
10	B
11	A
12	A
13	A
14	B
15	A
16	B
17	B
18	B
19	B
20	C
21	A
22	B
23	A
24	A
25	B
26	A
27	A
28	B
29	A
30	A
31	B
32	A
33	B
34	C
35	B
36	A

RESPOSTAS DE RESERVA:

I	C
2	B
3	A
4	B
"	

RESULTADO FINAL DA FASE OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE 1 PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL NO CONCELLO DE MELIDE MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA (OBRA OU SERVIZO DETERMINADO)

PUNTUACIÓN DE:	MERITOS	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	TOTAL
OSCAR JOSE RODRIGUEZ LÓPEZ	10	13,5	3	26,5
MARIA FRADE FRAGA	4	9	3	16
NATALIA RODRIGUEZ VIQUEIRA	12	12	3,5	27,5
IRIA GONZALEZ FAFIAN	11,5	12,5	3	27

O segundo exercicio consistiu nunha entrevista onde se lles preguntou sobre a súa formación e a súa experiencia laboral . A continuación expúxoselles o seguinte caso práctico:

“SUPOSTO PRÁCTICO

Acude ao departamento de Servizos Sociais do concello de Melide, Sara, muller de 54 anos, e expón a seguinte situación:

Sara convive con dúas fillas menores, de 10 e 12 anos e cos seus pais (o seu pai de 85 anos e a súa nai de 83 anos). Sara atópase en proceso de divorcio (o seu ex cónxuge non cumple coas medidas provisionais económicas establecidas) e actualmente atópase desempregada sen cobrar ningunha prestación. A nai de Sara presenta problemas de demencia e o seu pai ten diagnosticada unha enfermidade degenerativa, polo que precisa axuda para case todas as actividades básicas da vida diaria. Todos residen nunha vivenda de aluguer, pola que pagan 200 euros/mes. Actualmente, están a deber dous meses. A vivenda reúne as condicións mínimas de habitabilidade, ainda que o equipamento da vivenda está deteriorado.

Os únicos ingresos que se perciben no domicilio é a pensión de xubilación do pai de Sara.

Realiza unha proposta de intervención que se levará a cabo dende o departamento dos Servizos Sociais Comunitarios.”

As valoracións da comisión seleccionadora foron:

Tendo en conta que os catro aspirantes fixeron unha entrevista notablemente boa, destacou unha persoa, que foi a que obtivo unha maior puntuación, xa que se considerou que fixo unha mellor estrutura da información, mencionou máis recursos axeitados ao caso, mellor claridade na exposición...., polo que,

PROPONE PARA A CONTRATACIÓN PARA PROVER A PRAZA LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE 1 PRAZA DE TRABALLADORA SOCIAL NO CONCELLO DE MELIDE MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA (OBRA OU SERVIZO DETERMINADO) a

NATALIA RODRIGUEZ VIQUEIRA con dni nº *6452****

Para o caso de producirse renuncia do/a aspirante seleccionado o órgano de selección fai a seguinte relación complementaria da aspirante, por orde de puntuación, para o seu posibel nomeamento,

- 1º.- IRIA GONZALEZ FAFIAN con dni nº ***5894**
- 2º.- OSCAR JOSE RODRIGUEZ LÓPEZ con dni nº ***4171**
- 3º.- MARIA FRADE FRAGA con dni nº ***0034**

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado o acto, dispoñendo a presidenta que se redacte a presente acta que asinan os membros da comisión seleccionadora sendo as 14.00 h, do que eu, **SECRETARIO**, certifico.

Melide, 15 de xuño de 2020

A comisión seleccionadora


